


matelecturas



Título: **El teorema del loro**

Autor: Denis Guedj

Cursos: BAC

Comentario: Un neno de doce anos rescata do seu cativerio a un papagaio paroleiro e instálao na súa casa. Sospeitosas circunstancias e dúas cartas escritas por un amigo provocan unha laboriosa investigación. Mediante as súas deducións repasaremos a vida e teorías dos grandes matemáticos e daremos coas claves para resolver un asasinato.

Título: **El país de las mates**

Autor: Miquel Capó Dolz

Cursos: ESO


Comentario: Unha cuidada selección dos mellores problemas de enxeño matemático preparada co obxectivo de facilitar o pracer de facer pensar, seducir matematicamente e disfrutar ante retos moi diversos (tanto clásicos como novos), independentemente de que se consiga chegar á solución final do problema ou non.



Título: **La selva de los números**

Autor: Ricardo Gómez **Cursos:** 1º ciclo ESO

Comentario: Hai xa moito tempo, unha sabia e vella tartaruga descubriu algo sorprendente que servía, entre outras cousas, para por orde na remota selva na que vivía: os números. Decidida a compartir a súa sabedoría, irá mostrando seu invento aos distintos animais.



“A biblioteca debe ser o epicentro arquitectónico do centro escolar”. *Manolo Rivas*

9 12 de maio +
- 12 de maio :
0 5 día das 1
matemáticas 0
matemáticas
3 4 > + %

Biblioteca IES Castela
Dpto de matemáticas



Anímate a ler coas matemáticas!!

“As matemáticas son un recurso imprescindible para comprender a realidade” *Luis Puig*

Título: Lee a Julio Verne: el amor en tiempos de criptografía

Autor: Susana Mataix

Cursos: BAC

Comentario: Tres personaxes intentan descifrar as mensaxes codificadas que o dominante pai dun deles lles envía, porque dos significados depende a súa subsistencia. Esta tarefa indúcelles a redescubrir as olvidadas matemáticas do bacharelato e a reler as obras de Julio Verne e outras creacións literarias ata atopar as súas relacións coa criptografía.



Título: Los matemáticos no son gente seria

Autor: Claudi Alsina y M. de Guzmán

Cursos: 1º ciclo ESO

Comentario: É un divertido tratado de anécdotas, curiosidades e historietas.




Título: El asesinato del profesor de matemáticas

Autor: Jordi Sierra i Fabra

Cursos: ESO

Comentario: Este libro é un xogo, un divertimento. Está feito para que rías (e sufras un pouquiño co misterio) e de paso pode que che faga mirar con mellores ollos as mates. Tres alumnos que odian as matemáticas teñen que investigar o asasinato do seu profesor, para iso deberán resolver varios problemas e descubrirán que non son tan difíciles.



Título: El diablo de los números.

Autor: Hans Magnun Brizensberger

Cursos: 4ºESO, 1º BAC

Comentario: A Robert non lle gustan as Matemáticas, como lles ocorre a moitas persoas, porque non as acaba de entender. Pero unha noite el soña cun trasno que pretende inicialo na ciencia dos números. Naturalmente, Robert pensa que é outro dos seus frecuentes pesadelos, pero en realidade é o comezo dun percorrido novo e apaixonante a través do mundo das Matemáticas. Robert soña sistemas numéricos cada vez máis increíbles. De pronto, os números cobran vida por si mesmos, unha vida misteriosa que nin sequera o demo pode explicar de todo.



Título: Malditas matemáticas

Autor: Carlo Frabetti

Cursos: ESO

Comentario: Unha rapaza, á que non lle gustan as matemáticas, chamada Alicia, viaxa ao país dos números acompañada dun escritor que se chama Lewis Carroll. Recorren capítulos como A criba de Eratóstenes, O labirinto, O cadrado máxico, etc.




Título: El hombre que calculaba

Autor: Tahan Malba

Curso: ESO

Comentario: Nunha viaxe polas exóticas terras árabes e centrando a atención en tempos remotos, un árabe dotado dunha habilidade, froito do seu espírito atento e observador, atópase suxeito a distintas probas que resolve co seu talento matemático.



Título: El señor del cero

Autor: Mª Isabel Molina

Cursos: 1º ciclo ESO

Comentario: José é un mozo mozárbabe que ten que fuxir de Córdoba, pola envexa que esperta a súa facilidade para o cálculo. Refuxiado no mosteiro de Ripoll, explicará alí as vantaxes da numeración arábica, ao tempo que é testemuña das loitas dos condes e bispos cataláns para independizarse dos francos. Alí coñece a Emma e intenta axudala cando está en perigo. Pero a ciencia de José resulta sospeitosa a algúns fanáticos que intentarán detelo.



Título: Ernesto, el aprendiz de matemago

Autor: José Muñoz santiago

Cursos: 2º ciclo ESO

Ernesto é un estudante de secundaria ao que o gusto polas matemáticas chegoulle da man do mago Minler, a través de xogos de cartas, trucos con dados, adiviñar números, trucos con cordas, etc. Ernesto descubrirá que de baixo de todo isto está a Álgebra e a Topoloxía.



Título: El gran juego

Autor: Carlo Frabetti

Curso: ESO

Comentario: Leo xoga en Internet contra un adversario misterioso a un xogo cuxas regras descoñece. Coa axuda da profesora de matemáticas coñecerá moitos problemas relacionados con esta ciencia e entrarán en contacto cunha secta: os Iluminados.

